

PROXECTO “BALBINO ARGALLA”

O noso proxecto, titulado “Balbino argalla”, diríxese ao alumnado de segundo de Bacharelato dun instituto –podería ser calquera dos IES de Lalín- de contorna rural galega, no que non é infrecuente que bastantes alumnos/as veñan sós ao centro educativo desde as súas aldeas natais, polo que, ao mellor, é pertinente preguntármonos que está a ocorrer co reparto poboacional no noso país e, sobre todo, que se podería facer para darlle unha volta a esta situación.

O profesorado implicado na súa realización será o de Xeografía e Historia e tamén o de Lingua e Literatura galegas, dado que se realizará un seguimento deste tema a través de obras relevantes da literatura galega como *Memorias dun neno labrego*, de Xosé Neira Vilas, autor da contorna. Do protagonista do seu libro, Balbino, toma nome o proxecto, dirixido, como xa se apuntou, ao alumnado de segundo de Bacharelato. Balbino tentará subverter unha situación, polo que pretendemos non só facer un diagnóstico de algo, senón sobre todo, propor medidas para que algo cambie e sexa factible fixar poboación no rural. É posible tamén que o profesorado de Matemáticas o encargado das TICs no centro nos teñan que prestar unha man á hora de cuantificar os resultados estatísticos dunha parte do proxecto ou poder editar o vídeo final.

Imos perfilando, pouco a pouco, os aspectos máis relevantes:

DESAFÍO E PRODUTO FINAL

- Partimos da pregunta motriz: “Que se che ocorre para darlle unha volta á situación poboacional que se vive na túa contorna rural?”
- Usaremos unha serie de preguntas para provocar a aprendizaxe do tipo: “Sabes cantos veciños/as tiña a túa aldea no tempo dos teus avós? A situación que observas na túa contorna é extensible a outras zonas de Galicia? Que obras da literatura galega dan conta da situación do rural na túa comunidade e como o fan? Que medidas políticas se poderían e deberían adoptar para darlle unha volta ao presente?”
- Como produto final buscamos a realización dun vídeo no que se gravarán algunhas das entrevistas que o alumnado realizou ás persoas maiores da súa aldea para coñecer o pasado demográfico da mesma; se amosarán gráficos co reparto poboacional na comunidade e as grandes diferenzas entre a “fachada Atlántica” e as provincias orientais; se recollerán opinións de alumnos e profesores sobre determinadas obras da literatura galega e, por último, o alumnado de segundo de Bacharelato propondrá as súas decisións económicas, administrativas e demais para que sexa posible fixar poboación no entorno rural.
- En canto á difusión do vídeo, pretendemos que se proxecte na Fundación Neira Vilas, loxicamente no propio IES, na Casa da Cultura e tamén nos teleclubs das aldeas de procedencia do alumnado.

TAREFAS

- Realización de entrevistas-enquisas ás persoas máis vellas do lugar para coñecer o pasado e presente das aldeas (preparación dos cuestionarios, realización das entrevistas, cuantificación dos datos).
- Consulta de artigos e capítulos determinados de libros sobre a estrutura demográfica de Galicia.
- Traballo de lectura e realización de pequenas reseñas e textos de opinión sobre obras literarias galegas que permitan un diagnóstico sobre o rural, por exemplo, *Memorias dun neno labrego* ou a obra de dimensión etnográfica do profesor da contorna Emilio Araújo.
- Realización do vídeo final cunha síntese de todo o traballo realizado (gravación dalgunha entrevista-enquisa, reflexo de gráficos de poboación, reflexións do alumnado e do profesorado sobre as obras literarias que abordan o tema ou sobre o presente e futuro do rural. Finalmente, o alumnado de segundo de Bacharelato será “voz política” na súa

proposta de medidas para dinamizar o rural, relacionadas coa economía, servizos, lecer, etc).

RECURSOS

- Implicarase o profesorado de Xeografía e Historia, Lingua e Literatura galegas, Matemáticas e, moi previsiblemente, o encargado das TICs no centro; tamén as familias, as persoas do ámbito rural entrevistadas, algún experto en demografía ao que se o alumnado consultará e tentaremos tamén a participación dalgún profesor da contorna, cuxo traballo vén sendo de moitos anos e de gran valía neste eido. Loxicamente os grandes motores de todo han ser os alumnos de segundo de Bacharelato.
- En canto a recursos materiais e de instalacións, son necesarios cuestionarios para realizar as enquisas, bibliografía básica sobre o tema, a lectura das novelas ou poemas que se relacionan coa problemática do rural, a tecnoloxía para poder editar o vídeo final, as aulas de audiovisuais do centro, a biblioteca, etc.

FERRAMENTAS TICs

- Os programas informáticos que permitan procesar o resultado das enquisas e as relacionadas coa produción e edición do vídeo final, co que moi previsiblemente teremos que recibir o asesoramento e axuda do profesorado que no centro se encarga das TICs.

AGRUPAMENTOS E ORGANIZACIÓN

- Previsiblemente formaranse tres grupos de traballo: un, máis xeneroso en integrantes, encargado da realización das enquisas polos diferentes lugares seleccionados da comarca; outro levará o traballo sobre a bibliografía demográfica e a entrevista co experto no tema; o terceiro encargarse do seguimento literario. Na edición do audiovisual final, buscaremos a participación de todo o grupo, ben mediante intervencións en parella ou en subgrupos. Moverémonos en espazos amplos, tales como as aulas de audiovisuais, Informática ou a biblioteca.

COMPETENCIAS CLAVE

- Nun proxecto destas dimensións aplicado a un nivel de segundo de Bacharelato, pódese dicir, case sen rubor, que se traballan todas as competencias básicas, algunhas en maior medida ca outras, naturalmente. Apuntamos, en primeiro lugar o traballo sobre Competencias Sociais e Cívicas e Competencia en Comunicación Lingüística, así como a Aprender a aprender ou Sentido da Iniciativa e espírito emprendedor. Non obstante, tamén traballamos sobre Conciencia e expresións culturais, Competencia dixital ou a matemática e básica en ciencia e tecnoloxía.